INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

ANTEPROXECTO DE LEI DE ESTATÍSTICA DE GALICIA
MODIFICACIÓNS EN RELACIÓN CO INFORME DE IMPACTO DE XÉNERO

Expte.:2023/NG09

No informe emitido con data 6 de xullo de 2023 pola Secretaría Xeral de Igualdade sobre o anteproxecto de lei de estatística de Galicia fanse as seguintes recomendacións:

- Corrixir a linguaxe nos termos indicados no informe.
- Prever que a composición dos órganos colexiados terá unha representación equilibrada muller-home.
- Introducir a perspectiva de xénero nos principios estatísticos.

A primeira recomendación sobre emprego dunha linguaxe non sexista foi considerada, corrixindo todos os termos/expresións mencionados no informe, agás o *"dos axentes sociais e económicos"* do artigo 17, por non atopar unha alternativa axeitada. De achegala desde a Secretaría Xeral de Igualdade corrixiríase.

A segunda tamén foi tida en conta, modificando o artigo 19 sobre composición do Consello Galego de Estatística e elevando a norma con rango de lei o xa previsto no artigo 1º.5 do Decreto 173/2007, do 30 de agosto. O mesmo criterio aplicouse na disposición adicional terceira relativa aos órganos superiores do Instituto Galego de Estatística.

A recomendación de introducir a perspectiva de xénero entre os principios estatísticos do artigo 4 do anteproxecto non foi considerada polas seguintes razóns:

– O principio estatístico de imparcialidade invocado no informe refírese a calquera tipo de persoa ou entidade e abrangue toda clase de discriminación no acceso e na subministración de datos. Baixo este principio estatístico, os datos deben ser captados e difundidos de xeito neutral.

– O principio de imparcialidade está recollido con idéntica finalidade no Regulamento (CE) nº 223/2009, da estatística europea. No anteproxecto amplíase para considerar non só ás persoas e entidades usuarias, senón tamén ás fornecedoras de datos.

– O artigo 4 denomínase *Principios estatísticos* e forma parte dunha norma que aspira a permanecer no tempo. Entendemos que a consideración da perspectiva de xénero correspóndese máis cos plans e programas estatísticos. No entanto, blíndase como obxectivo informativo no artigo 21.5.

– O principio de autoridade contemplado no mesmo artigo 4 do anteproxecto e a previsión do 21.2 de que os plans estatísticos sexan aprobados por lei garanten que a satisfacción da perspectiva de xénero será apropiadamente considerada en cada momento temporal.

– Co anteproxecto de lei estase a aplicar o principio de especificidade, respectando o espírito da normativa sobre igualdade ou sobre calquera outra materia como, por exemplo, a de protección de datos persoais. Na súa redacción traballouse coa filosofía de que estabamos a regular a estatística galega, asumindo, como non podería ser doutro xeito, a normativa europea, estatal e autonómica sobre materias que non son da nosa competencia.

Rosa Elvira Fernández González
Secretaria Xeral do Instituto Galego de Estatística

Asinado por: FERNANDEZ GONZALEZ, ROSA ELVIRA
Cargo: Secretaria Xeral
Data e hora: 10/07/2023 11:26:25

CVE: co7CRv25Xqi8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve